

A photograph of two women in a forest setting. One woman, wearing a bright red hoodie, is lying on her back on the ground. The other woman, wearing a neon green hoodie, is leaning over her, resting her head on the woman in red. The ground is covered with dry leaves and twigs. The background shows trees and foliage.

ENCON-
TRO
PARAÍSO
2023

ILLA SAN
SIMÓN
22-24.09

**ALEJANDRA BALBOA | ALEJANDRA POMBO SU | ALEXANDER DE CAIRES
| ALEXIS FERNÁNDEZ | ANA GESTO | ANDREA QUINTANA | BAL CASTRO |
BEA FERNÁNDEZ | BEATRIZ BELLO | BRIGITTE VASALLO | CARMEN CAS-
TRO | CARMEN TRIÑANES | CATERINA VARELA | CLARA PAMPYN | CORA
NOVOA | CRISTINA MOREIRA | DARÍO BARRETO | DIRK NELDER | EDU
VALIÑA | ELISA BRAUN | EVA COMESAÑA | FÉLIX FERNÁNDEZ | FRAN
NÚÑEZ | FRANK JØRSTAD | GENA BAAMONDE | HENRIQUE LAMAS | INÉS
SANTOS | JACOBO SUTIL | JULIÁN PACOMIO | LAURA ITURRALDE | LUCÍA
MARTÍNEZ | LUÍSA SARAIVA | MAR LÓPEZ | MARIA CRAFFONARA | MIKEL
ARISTEGUI | MONICA MURA | NORBERTO LLOPIS | NURIA SOTELO | ODE-
TTE BERESKA | PAULA MOLINER | PAVEL AMILCAR | PHILIP DOHERTY |
PILAR PORTELA | RAFAEL REY | ROBERTO PASCUAL | RUBÉN VILANO-
VA | RUI TORRINHA | RUT BALBÍS | SABELA RAMOS | TAMARA CANOSA |
THOMAS CLOAREC | VICENTE CONDE | WESSEL DE VRIES | XÁCIO BAÑOS**



SETE ANOS DE ENCON- TRO

O **Encontro Paraíso Illa San Simón** é a cita anual do programa Residencias Paraíso que terá lugar **entre o 22 e o 24 de setembro de 2023 en Illa San Simón** (Pontevedra). Un encontro pensado tanto para chegar os procesos artísticos como para interpelarnos –como comunidade das artes vivas– no noso presente e futuro en común.


A cita contará coa presenza dos artistas que estiveron en residencia en 2023, así como con **numerosos profesionais convidados de dentro e fóra de Galicia**.

Ademais, nesta sétima edición **facemos realidade o desexo** de ampliar o Encontro Paraíso 2023 co desenvolvemento de **varias residencias de investigación en San Simón nas semanas anteriores** á convivencia.

Unha convivencia de tres días –coa novidade da **apertura ao público da xornada do sábado**– para nos atopar na intimidade dunha illa tan singular como a de San Simón.

Grazas por facelo posible.





PROGRA- MA

VENRES 22 DE SETEMBRO

- 11.00 h Saída do barco do porto de Cesantes
- 12.30 h Presentación | Colectivo RPM
- 14.00 h Xantar
- 16.00 h Presentación | Alejandra Pombo Su
- 17.00 h Presentación | Clara Pampyn
- 18.30 h Presentación | Mikel Aristegui
- 20.30 h Cea
- 22.30 h Present. | Laura Iturralde & Carmen Triñanes

SÁBADO 23 DE SETEMBRO


- 09.00 h Almorzo
- 10.30 h Presentación | Luísa Saraiva
- 11.30 h Presentación | Norberto Llopis
- 14.00 h Xantar



- 17.00 h Presentación | Alejandra Balboa
- 18.00 h Presentación | Brigitte Vasallo
- 20.30 h Cea
- 22.30 h Presentación | Ana Gesto & Edu Valiña

DOMINGO 24 DE SETEMBRO

- 09.00 h Almorzo
- 10.30 h Presentación | Bal Castro e Inés Santos
- 11.30 h Presentación | Julián Pacomio
- 14.30 h Xantar
- 17.00 h Saída do barco da Illa



ALE- JANDRA POMBO SU

CONFERENCIA

TODA A CARNE



PORTADA



INTRODUCCIÓN



PROGRAMA



ARTISTAS



PARTICIPANTES



COLECTIVO RPM



ALE- JANDRA POMBO SU

CONFERENCIA


TODA A CARNE

A artista **Alejandra Pombo Su** explora o berro como expresión da animalidade humana no seu proxecto ***Toda a carne*** que desenvolveu no espazo de residencia de **O Vello Cárcere de Lugo**. Utiliza vocalizacións de alta enerxía que trascenden a linguaxe para manifestar intensidade vital. O seu traballo conecta con sons primitivos, evocando o animal e o tradicional. Inspírase en rexistros sonoros de comunidades que consideran as súas voces como chíos e non cantos.

Baseándose nas súas obras anteriores, investiga a voz en relación a un espazo específico, desprazándoa do corpo para transformar a percepción da voz en relación ao corpo humano. Isto relacionase co concepto de “converterse en animal” de Deleuze e Guattari. A transformación é espacial e relacional, máis que física, e está vinculada á política de recoñecer a nosa natureza animal.

Alejandra Pombo Su é doutora en Belas Artes cunha tese sobre as paradoxas da introdución da noción de performance na arte contemporánea, o seu traballo artístico moveuse entre as artes plásticas, audiovisuais e escénicas. Obtivo o premio da I Convocatoria de Artistas en Residencia FMJJ 2021 e foi elixida artista en residencia en Bulegoa z/b (Bilbao), I-Park Foundation (Connecticut, EE. UU.), Atlantic Center for the Arts (Florida, EUA), PACT-Zollverein (Essen, Alemaña), La Casa Encendida, CA2M e El Ranchito en Matadero Madrid, entre outros. O seu traballo foi presentado en diferentes festivais, museos e centros de arte como o Museo Reina Sofía, Fabra i Coats, La Casa Encendida ou MUSAC. Desde 2021 forma parte do colectivo NEG (Nova Escultura Galega).





CLARA PAM- PYN

PRÁCTICA COLECTIVA

LAS BAILARINAS NO TOCAN EL CIELO





CLARA PAM- PYN


PRÁCTICA COLECTIVA

LAS BAILARINAS NO TOCAN EL CIELO

O **Pazo da Cultura de Carballo** foi o espazo de residencia da creadora **Clara Pampyn** para a investigación ***Las bailarinas no tocan el cielo***.

Las bailarinas no tocan el cielo traballa sobre a figura da intérprete na danza ou nas artes do movemento, en marcos contemporáneos. É un proxecto de investigación, mediación e creación. Por un lado trata de abrir espazos de diálogo entre bailarinas que adoiten traballar para outros artistas a través de laboratorios, nos que se propoñen dinámicas de discusión e prácticas físicas, e a través de entrevistas persoais. Paralelamente traballa tamén nunha peza escénica, titulada *Las que bailan*, que trata de facer visible as problemáticas deste lugar. Xuntas falamos da fe, a autonomía, as relacións de poder, o diñeiro e o paso do tempo, en relación ao noso traballo.

Clara Pampyn é bailarina e coreógrafa, cofundou o colectivo **Laimperfecta** con Alberto Alonso en 2016. Xuntos crearon pezas como “Twist” (Teatros del Canal 2018) e “Fuga” (Escena Patrimonio 2021). Ademais, colabora como coreógrafa para a cantante Silvana Estrada, participando en videoclips e no concerto escénico “Marchita,” estreado no Prototype Festival de Nova York en 2023. Traballou como asistente de coreografía para Jesús Rubio Gamó e Alberto Alonso, e como docente en institucións de danza en Madrid. Como intérprete, participou en diversos proxectos coreográficos, sendo candidata aos Premios Max como Mellor intérprete feminina de danza en 2019 e 2022 polos seus roles en distintas producións.



MIKEL ARISTE- GUI

SITE-SPECIFIC

604043 – ILLA SAN SIMÓN



PORTADA



INTRODUCCIÓN



PROGRAMA



ARTISTAS



PARTICIPANTES



COLECTIVO RPM



MIKEL ARISTE- GUI

SITE-SPECIFIC

604043 – ILLA SAN SIMÓN


604043 - Illa San Simón é o título do proxecto co que o artista e coreógrafo **Mikel Aristegui** desenvolve unha residencia de investigación na **Illa San Simón** nas semanas previas ao encontro.

Este proxecto fálannos da memoria histórica da Illa de San Simón e constrúe o seu título baseándose nunha numeroloxía sobre o seu pasado; 60 anos desde que fose refuxio de nenxs órfáns da marina; 40 días de corentena que debían gardar os barcos que viñan das Américas en 1838 e durante case 1 século; 43 viaxeiros do Monchita, moitos da garda do caudillo, que morreron afogados de camiño á illa en 1950. Mikel traballa co seu corpo como catalizador da historia vivida ao longo dos anos máis escuros e esperanzadores da Illa de San Simón. Porque falar do pasado e lembrar o sucedido marca unha diferenza na historia e no presente dos que estamos aquí.

Mikel Aristegui é donostiarra de nacemento. Tras 30 anos como bailarín profesional e coreógrafo en Europa, principalmente en Alemaña; instálase en Galicia onde intenta resetear e reenfocar a súa carreira artística fóra do sistema competitivo.

Crea **SIL Produccións-Artes** en movemento e enfócase en labores sociais e pedagóxicas sobre todo no rural e con colectivos de distintas capacidades. En 2022 recibe unha axuda á creación coreográfica do Goberno Vasco puidendo, por primeira vez na súa carreira, centrarse nun labor de investigación cuxo froito é "Araotz-Vida y muerte".





LAURA ITURRAL- DE & CAR- MEN TRI- ÑANES

CONFERENCIA

JAUJA



PORTADA



INTRODUCCIÓN



PROGRAMA



ARTISTAS



PARTICIPANTES



COLECTIVO RPM



LAURA ITURRAL- DE & CAR- MEN TRI- ÑANES

CONFERENCIA

JAUJA


A residencia no **Pazo da Cultura de Narón** foi para o proceso de creación de **Laura Iturralde e Carmen Triñanes** titulado **JAUJA**.

JAUJA é unha investigación escenográfica co espazo como detonante e suxeito principal que busca crear sinerxias dentro e fóra das escénicas, coa atención posta na beleza do proceso e o erro.

Laura Iturralde traballa como iluminadora, escenógrafa e video creadora con múltiples compañías de teatro, danza e música. Explora desde 2016 a liña do live cinema e as visuais a tempo real a través de cámara en vivo. Combina a súa actividade en artes vivas coa docencia, impartindo en diversas entidades cursos vinculados á creación de videoescena e á iluminación para espectáculos e exercendo de docente de Iluminación de maneira temporal na ESAD.

Carmen Triñanes é titulada Superior en Deseño de Moda polo IED Barcelona e en Arte Dramático especializada en Escenografía no Institut del Teatre de Barcelona. Traballou como escenógrafa e vestuarista para distintas compañías de dentro e fóra de Galicia. Durante máis de 10 anos, combina o seu traballo en artes escénicas con proxectos audiovisuais, sendo vestuarista e directora de arte en videoclips e ficción. Na actualidade, enfócase en atopar conexións entre as artes escénicas e o cine, ademais de explorar enfoques máis sostibles para a creación escénica, escenográfica e artística.





LUÍSA SARA- IVA



CONFERENCIA

BOCARRA





LUÍSA SARA- IVA




CONFERENCIA

BOCARRA

A residencia combinada do **Centro Coreográfico Galego** e do **Teatro Rosalía Castro** en A Coruña foi a que acolleu a investigación da artista portuguesa **Luísa Saraiva** titulada **Bocarra**.

Bocarra significa boca ou fauces moi grandes e abertas. En **Bocarra** explórase a mecánica do corpo en movemento como instrumento sonoro, partindo do repertorio polifónico feminino sobre a violencia, os sentimentos de amargura e a estranxeiría da Península Ibérica. Entendendo moitas destas cancións como tradicións de inconformismo e como resistencia velada e non resolta fronte aos roles heteronormativos, traballaron coas posibles encarnacións evocadas e as particulares cualidades vocálicas destas formas musicais.

Luísa Saraiva é unha coreógrafa e intérprete nacida en Porto, que reside entre Porto e Berlín. Explora a unión entre o movemento, a composición musical e a voz no seu traballo artístico. Colaborou con diversos artistas, como Lea Letzel e Carlos Azeredo Mesquita, e traballou como intérprete para nomes como Alexandra Pirici e Ben J. Riepe. Foi galardoada con bolsas de investigación e desenvolvemento artístico en Portugal e Alemaña, e a súa peza "Hochwasser" foi seleccionada en Danse Élargie en 2016. En 2018, recibiu o Premio NRW Ground Support pola súa colaboración en "A CONCERT". Foi coreógrafa en residencia en K3 | Tanzplan Hamburg e traballou en formatos interdisciplinarios de exposicións e simposios en colaboración con museos e galerías. En 2022/2023, recibiu a Beca Tanzpraxis da cidade de Berlín.



NOR- BERTO LLOPIS

XORNADA
PORTAS
ABERTAS
23.09

CONFERENCIA PERFORMATIVA

MOVIMIENTOS; OPERANDO CON GERTRUDE STEIN



PORTADA



INTRODUCCIÓN



PROGRAMA



ARTISTAS



PARTICIPANTES



COLECTIVO RPM



NOR- BERTO LLOPIS



CONFERENCIA PERFORMATIVA


MOVIMIENTOS; OPERANDO CON GERTRUDE STEIN

A segunda das residencias na Illa de San Simón é a levada a cabo por **Norberto Llopis** co seu proxecto ***Movimientos; operando con Gertrude Stein***, unha residencia en colaboración con **Graner, centro de creación en danza e artes vivas** (Barcelona) con quen construímos dende fai tempo unha relación continua de colaboración entre Galicia e Cataluña.

Este proxecto é unha investigación a cabalo entre a práctica na danza, a performance e o pensamento, que toma como materia de estudo as escrituras da poeta Gertrude Stein, para analizar o que nelas opera, e extrapolar esta noción de operación á coreografía, á performance, ao movemento e ao que move entre os movementos.

Norberto Llopis é coreógrafo e performer, traballa no límite entre a danza e o pensamento. Graduado en

Danza e coreografía no Institut del Teatre, Máster en artes performativas por DasArts, Amsterdam. Grao en Filosofía (UNED). Máster en estudos avanzados en filosofía pola Universidade Complutense. Actualmente desenvolvendo a súa tese doutoral sobre “A estética no pensamento de Derrida e Deleuze” na Universidade de Barcelona. A súa práctica artística vai desde o traballo co e sobre o corpo até o uso de obxectos e materiais para a construción e reflexión sobre o espazo. No seu achegamento á filosofía, intenta desenvolver unha práctica de pensamento non teorizante ao redor do espazo e os signos baixo os cales este se institúe. Desenvolveu o seu traballo en forma de; pezas escénicas, performances, instalacións, conferencias e textos, en España, Bruxelas e Holanda. Participou en procesos creativos con artistas como; Carolien Hermans, Paz Rojo, Diego Gil, Jefta Van Dinther, Nada Gambier, Rafael Tormo ou Vicente Arlandis.



ALE- JANDRA BALBOA

XORNADA
PORTAS
ABERTAS
23.09

SITE-SPECIFIC

CUANDO LE PERMITO AL CUERPO AQUELLO QUE DIGO





ALE- JANDRA BALBOA




SITE-SPECIFIC

CUANDO LE PERMITO AL CUERPO AQUELLO QUE DIGO

Quando le permito al cuerpo aquello que digo é o proxecto co que estivo en residencia no **Pazo da Cultura de Pontevedra** a artista **Alejandra Balboa**, un proxecto de investigación física que explora a distancia entre a palabra e o corpo, no que se propón curiosear e observar a garganta, a mandíbula, a boca (lingua) e a respiración como motores desde os que partir e facer florecer o movemento.

Inspirándose en técnicas xaponesas que axudan a conectar corpo e imaxinación, a artista busca apoderarse do tempo, escoitarse e expresarse desde un lugar honesto, sutil, potenciando a idea de experiencia que reside no acto de moverse. A artista pregúntase, “Dende onde me movería se me acordo sen ‘formatear’? Acto seguido, respóndese “dende a curiosidade, dende o desexo”.

Alejandra Balboa é creadora e intérprete de Pontevedra, graduouse na “Escola Superior de Dança” de Lisboa en 2015. Desde 2016, traballa de maneira independente enfocándose en investigación, creación e interpretación en danza. O seu enfoque é o movemento como canal de escoita individual e colectiva, e a súa última obra “Vertebrata”, nacida dunha residencia en Bélxica, recibiu premios e presentouse en festivais nacionais. Colaborou con artistas como Rodrigo García e Pavel Amilcar, e actualmente investiga no seu novo proxecto mentres traballa como intérprete en compañías como Furia Sotelo, Babirusa Danza e Matarile Teatro.



BRIGI- TTE VASALLO

XORNADA
PORTAS
ABERTAS
23.09

CONFERENCIA PERFORMATIVA

QUEIXA (QUÈ VOLEM AQUESTA GENT)



PORTADA



INTRODUCCIÓN



PROGRAMA



ARTISTAS



PARTICIPANTES



COLECTIVO RPM



BRIGI- TTE VASALLO




CONFERENCIA PERFORMATIVA

QUEIXA (QUÈ VOLEM AQUESTA GENT)

Queixa (què volem aquesta gent) é o proxecto no que a escritora e investigadora Brigitte Vasallo desenvolveu en residencia na **Igrexa da Madalena**, dentro do contexto da **MIT** de Ribadavia.

A **Triloxía de Naxos** é unha investigación en tres linguas, tres xeracións e tres linguaxes artísticas, sobre a pertenza, o desarraigamento, a memoria e a vinganza. Parte da súa propia biografía como filla de labregas de Chandrexa de Queixa nacida na modernidade urbana de Barcelona, e parte do borrado da súa memoria a través de dúas expulsións: da familia como persoa queer, e da nación como bastarda. **Queixa (què volem aquesta gent)** é unha conferencia performativa que activa este arquivo para poñer en cuestión os métodos de produción de ausencias do seu relato, das súas corporalidades, das súas memorias e do coñecemento pre-científico.

Brigitte Vasallo é filla dunha familia labrega de Chandrexa de Queixa emigrada a Francia e a Catalunya. Sen estudos universitarios, é escritora, investigadora e docente, traballa sobre a construción de alteridade e sobre os procesos de destrución da vida labrega nos procesos da modernidade industrial na Europa do sur no século XX. Reivindica a súa identidade txarnega e marimacho. Publicou os textos en galego “Ler a Butler desde Chandrexa de Queixa” e “Galicia é un lugar extraordinario”. Colabora co xornal Praza e con numerosos medios estatais. Como dramaturga presentou “Drama en tres lamentos y un par de actos”, parte da Triloxia de Naxos, e “Uno con los (possible) i lesbià”, coa dirección da artista visual Alba Corral. Dirixiu o I Festival de Cultura Txarnega de Barcelona e dá clases en universidades que non a aceptarían como alumna.



ANA GESTO & EDU VA- LIÑA

CONFERENCIA PERFORMATIVA

CAMPO DA FESTA



PORTADA



INTRODUCCIÓN



PROGRAMA



ARTISTAS



PARTICIPANTES



COLECTIVO RPM



ANA GESTO & EDU VA- LIÑA

CONFERENCIA PERFORMATIVA


CAMPO DA FESTA

Nunha das dúas residencias combinadas entre **Cidade da Cultura** e **Salón Teatro** en Santiago de Compostela, estiveron a traballar os artistas **Ana Gesto** e **Edu Valiña** no seu proxecto ***Campo da Festa***. Trátase dun proxecto para unir á comunidade rural de Compostela con artistas e guías turísticos. A investigación explora a identidade e accións involuntarias dos habitantes locais, dando valor a elementos aparentemente insignificantes. O enfoque está en repensar o papel dos guías turísticos nun destino popular, xerando interaccións coa poboación rural a través de lugares comúns e obxectos, creando un discurso distinto ao turismo masivo.

Ana Gesto é artista visual e performer, formada en Belas Artes pola Universidade de Vigo e San Carles de Valencia. Estudou performance con Bartolomé Ferrando e recibiu a bolsa Sicue/Séneca. Tamén foi be-

cada pola SUG e traballou co grupo de investigación “Resistencia e Materialización” na Universidade de Vigo (2008-2011). Ademais, deu talleres en galerías, museos e escolas e realizou performances en exposicións e tomou parte en eventos tanto nacionais como internacionais.

Edu Valiña licenciouse en Historia do Arte na Universidade de Santiago de Compostela. Co-comisariou o Proxecto Procesalia, colaborando con artistas e institucións galegas e internacionais. Foi asesor e coordinador na galería Espacio 48 e dirixiu a Benal SACO Arte Contemporáneo en Sarria. Comisariou en institucións como a Fundación Eugenio Granell e a Cidade da Cultura de Galicia. Actualmente, é Conservador Xefe na Fundación Eugenio Granell. Como artista, Valiña enfrócase en temas de identidade, cultura rural e paisaxe humana.



BAL CASTRO & INÉS SANTOS

PRÁCTICA + CONFERENCIA

TRANSPARENTAR



PORTADA



INTRODUCCIÓN



PROGRAMA



ARTISTAS



PARTICIPANTES



COLECTIVO RPM



BAL CASTRO & INÉS SANTOS

PRÁCTICA + CONFERENCIA


TRANSPARENTAR

A segunda das nosas dúas residencias conxuntas entre **Cidade da Cultura** e **Salón Teatro** en Santiago de Compostela foi ocupada pola parella artística formada por **Bal Castro e Inés Santos** co seu proxecto *Transparentar*.

Transparentar é un proceso de investigación escénica que se enfoca na Xeración Z ou Xeración de Cristal, para explorar a súa natureza e características, e cuestionarse o seu sufrimento é un fenómeno compartido entre distintas xeracións. A Xeración Z é a primeira en medrar cun acceso temperán e estendido ás novas tecnoloxías e estivo inmersa en movementos como o feminismo, o ecoloxismo e a aceptación de diversas identidades sexuais e de xénero, desafiando as deficiencias e debilidades do sistema, e ao facelo, están a demostrar transparencia e fortaleza en lugar de fragilidade.

Bal Castro é artista e actor formado en interpretación xestual na ESAD. Ten traballado como intérprete para Kirenía Danza, Palimoco Teatro e o Centro Dramático Galego. Forma parte da compañía de teatro físico Mevadeus, gañadora do primeiro premio na categoría de teatro do Xuventude Crea 2021, coa peza “Campo 5G”. En outubro de 2022 estrea “Outrora Nós” con Mevadeus. No 2019 actúa coa súa peza de autocreación “Heridita de un maricón” na Sala Artika, de Vigo.


Inés Santos é artista e actriz formada na ESAD, na Escola Superior Artística de Porto (ESAP) e no Balletto de Porto -onde colaborou tamén como asistente de produción e formadora-. Forma parte da compañía de teatro físico Mevadeus. No 2022 gaña o segundo premio na categoría de danza no Xuventude Crea. No 2019 foi seleccionada polo festival Herdanza coa peza “Heterotopía” no CGAC.



JULIÁN PACO- MIO

CONFERENCIA

TODA LA LUZ DEL MEDIODÍA



PORTADA



INTRODUCCIÓN



PROGRAMA



ARTISTAS



PARTICIPANTES



COLECTIVO RPM



JULIÁN PACO- MIO

CONFERENCIA

TODA LA LUZ DEL MEDIODÍA

O **Vello Cárcere de Lugo** foi o espazo de acollida do proceso de creación do artista **Julián Pacomio** titulado *Toda la luz del mediodía*.

Toda la luz del mediodía é a segunda parte da Trilogía del Sol, unha investigación sobre o imaxinario arredor da luz do sol, a hora do mediodía e as súas escuridades. Se “Apocalipsis entre amigos o el día simplemente” é unha peza para un horario de alborada, de 6:00 a 9:30 a.m, nun espazo con entrada de luz natural, “Toda la luz del mediodía” é un proxecto sobre as 12:00 p.m., sobre como traer o mediodía a un espazo interior, sobre a luz cenital do astro e toda a súa mitoloxía asociada. Así como a primeira parte abordaba a idea de rave e traballaba sobre o estado dos corpos nunha festa, nesta segunda parte cémtrase na sista do burro, nun corpo que vai da verticalidade e a enerxía á horizontalidade e ao cansacio.

Julián Pacomio é un intérprete e creador escénico coñecido por explorar a copia, o remake, a tradución e a apropiación de materiais nos seus proxectos. Colaborou con diversos artistas e coreógrafos, como João Fiadeiro, Carolina Campos ou Luís Garay. Desde 2018 traballa con Ángela Millano no proxecto “Asleep Images”. Destacan tamén as súas pezas “Apocalipse entre amigos o el día simplemente”, “El mundo bajo el mundo”, “Espacio Hacedor” e “My Turin Horse”. As súas creacións presentáronse en festivais e espazos en Barcelona, San Sebastián, Bilbao, Valencia, Cidade de México, Montevideo ou Lisboa. Pacomio desenvolve proxectos como comisario como “NO NO NO SOLO SOLO NO” e “CONTEMPLAR UNA SUPERFICIE INESTABLE”. Tamén é membro dos colectivos Bullshit e Atelier Real, e ten unha sólida formación académica en Belas Artes, Filosofía e Práctica Escénica.





PARTICI- PANTES

Alejandra Balboa

Artista (Galicia) | Artista Paraíso 2023 &
Artista Cruceiros Paraíso 2021 & Socia-amiga RPM

Alejandra Pombo Su

Artista (Galicia)
Artista Paraíso 2023

Alexander de Caires

Artista (Reino Unido - Galicia) | Artista Paraíso 2020
& Artista Cruceiros 2021 & Socia-amiga RPM

Alexis Fernández

Artista (Galicia) | Producción Residencias Paraíso
& Socia fundadora RPM

Ana Gesto

Artista (Galicia)
Artista Paraíso 2023

Andrea Quintana

Artista (Galicia)
Artista Cruceiros Paraíso 2023 & Artista Paraíso 2020

Bal Castro

Artista (Galicia)
Artista Paraíso 2023

Bea Fernández

Artista e xestora cultural (Galicia)
Codirectora artística La Poderosa

**Beatriz Bello**

Xestora cultural (Canarias)
Co-responsable LAV Tenerife

Brigitte Vasallo

Escritora e artista (Galicia-Catalunya)
Artista Paraíso 2023

Carmen Castro

Xestora cultural (Galicia)
Xefa de Servizo de Cultura do Concello de Carballo

Carmen Triñanes

Artista (Galicia)
Artista Paraíso 2023

Caterina Varela

Artista e xestora cultural (Galicia)
Directora Residencias Paraíso & Socia fundadora RPM

Clara Pampyn

Artista (Madrid)
Artista Paraíso 2023

Cora Novoa

Artista (Galicia)
Socia-amiga RPM

Cristina Moreira

Artista e xestora cultural (Galicia)
Directora Festival Fóra do Mapa

Darío Barreto

Artista e xestor cultural (Canarias)
Curador LAV Tenerife

Dirk Nelder

Xestor cultural (Alemaña)
Coordinador proxecto *Phone*

Edu Valiña

Artista (Galicia)
Artista Paraíso 2023

Elisa Braun

Xestora cultural (Alemaña)
Coordinadora proxecto *Phone*



Eva Comesaña

Artista e xestora cultural (Galicia)
Artista Cruceiros Paraíso 2023

Félix Fernández

Artista e xestor cultural (Galicia) | Co-coordinador
Residencias Paraíso & Socia fundadora RPM

Fran Núñez

Artista e xestor cultural (Galicia)
Director do Centro Dramático Galego

Frank Jørstad

Xestor cultural (Noruega)
Director artístico Teatro Nacional Kven

Gena Baamonde

Artista (Galicia)
Artista Cruceiros Paraíso 2023 & Artista Paraíso 2018

Henrique Lamas

Profesional audiovisual (Galicia)
Documentación Residencias Paraíso

Inés Santos

Artista (Galicia)
Artista Paraíso 2023

Jacobo Sutil

Xestor cultural (Galicia)
Director da Axencia Galega de Industrias Culturais

Julián Pacomio

Artista (Extremadura - Portugal)
Artista Paraíso 2023

Laura Iturralde

Artista (Galicia)
Artista Paraíso 2023 & Artista Paraíso 2018

Lucía Martínez

Xornalista e consultora de comunicación (Galicia)
Comunicación Encontro Paraíso Illa San Simón

Luísa Saraiva

Artista (Portugal)
Artista Paraíso 2023

**Mar López**

Artista e xestora cultural (Madrid)
Documentación e xestión para Clara Pampyn

María Craffonara

Xestora cultural (Italia)
Adxunta de dirección Stadttheater Bruneck

Mikel Aristegui

Artista e xestor cultural (Galicia)
Artista Paraíso Illa San Simón 2023

Monica Mura

Artista (Galicia - Valencia)
Artista Cruceiros Paraíso 2021

Norberto Llopis

Artista (C. Valenciana)
Artista Paraíso Illa San Simón 2023

Nuria Sotelo

Artista e xestora cultural (Galicia)
Responsable A Casa Vella & Socia-amiga RPM

Odette Bereska

Artista (Alemaña)
Asesora dramaturxica do proxecto *Phone*

Paula Moliner

Xestora cultural (Cataluña)
Coordinadora de proxectos en Graner

Pavel Amilcar

Músico (Galicia)
Artista Paraíso 2023

Philip Doherty

Artista (Irlanda) |
Artista asociado Fíbin Theater An Taibhdeharc

Pilar Portela

Xestora cultural (Galicia) | Directora do
departamento de Música e Danza de AGADIC

Rafael Rey

Artista (Galicia)
Director asociado ao proxecto *Phone*



Roberto Pascual

Xestor cultural (Galicia)
Director artístico MIT Ribadavia

Rubén Vilanova

Fotógrafo e xestor cultural (Galicia) | Co-responsable
A Casa Vella & Fotógrafo Encontro & Socia-amiga RPM

Rui Torrinha

Xestor cultural (Portugal) | Director artístico do CCVF
(Centro Cultural Vila Flor) en Guimarães

Rut Balbís

Artista e xestora cultural (Galicia) | Co-coordinadora
Residencias Paraíso & Socia fundadora RPM

Sabela Ramos

Artista e xestora cultural (Galicia) | Oficina RPM &
Artista Paraíso 2020 & Socia-amiga RPM

Tamara Canosa

Artista (Galicia)
Directora asociada ao proxecto *Phone*

Thomas Cloarec

Xestor cultural (Francia)
Director artístico Teatro Piba Bretaña

Vicente Conde


Contable e xestor cultural (Galicia)
Administración e contabilidade RPM

Wessel de Vries

Artista (Países Baixos)
Dramaturgo asociado Tryater Frysia

Xácio Baños

Artista (Galicia)
Dramaturgo asociado ao proxecto *Phone*



COLEC- TIVO RPM.GAL

Colectivo RPM é un colectivo de artistas vencellados á danza e as artes vivas que imaxina, diseña e acompaña distintos proxectos contextuais desde Galicia.

Manteñen un claro compromiso polo diálogo interinstitucional e o impulso de iniciativas ao redor da creación contemporánea, a investigación e a visibilidade da comunidade artística da danza e as artes vivas. Ademais do acompañamento de artistas e procesos, o colectivo tamén xera diálogos e accións coas comunidades locais para achegar a práctica artística á cidadanía.

Dentro das liñas de acción do Colectivo RPM destaca o programa Residencias Paraíso que se estende fóra de Galicia na liña Cruceiros Paraíso que posibilita abrir liñas de colaboración con outros espazos estatais e internacionais.

EQUIPO PARAÍSO

Caterina Varela | Dirección

Félix Fernández & Rut Balbís | Coordinación

Sabela Ramos | Oficina RPM

Alexis Fernández | Producción

Henrique Lamas | Documentación

Vicente Conde | Administración contable

Rubén Vilanova | Fotografía

Lucía Martínez | Redes sociais



RPM

RESIDENCIAS
ARTÍSTICAS
E PROXECTOS
MAGNÉTICOS



AXENCIA GALEGA
DAS INDUSTRIAS
CULTURAIS